

CONVOCATORIA DE PROBAS DE ACCESO EXTRAORDINARIA PARA O CICLO INICIAL DE TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO DO GRAO MEDIO PARA O CURSO 2025/2026

Para poder cursar esta formación, a desenvolver polo CAD Atletismo Galego a partir de setembro de 2025, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña (INEF Galicia) en xornadas presenciais, deberánse superar previamente unhas probas de acceso.

DATA E LUGAR: A proba terá lugar nas instalacións deportivas do INEF Galicia (Avenida Ernesto Che Guevara, 121, 15179 Oleiros, A Coruña), o xoves 10 de setembro de 2025 ás 10.00 horas. En caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan realizar as probas nese día, o tribunal poderá cambiar a data da proba

REQUISITOS ACADÉMICOS:

So poderán inscribirse na proba específica as persoas aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas e que son as seguintes:

- a) Para o acceso ao ciclo inicial ou primeiro nivel de grao medio, dispoñer do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente para os efectos académicos, e superar unha proba de carácter específico, acreditar méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva ou as tres condicións de forma conxunta.
- b) O alumnado que non dispoña do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente para os efectos académicos, deberá ter 17 anos e superar unha proba de acceso substitutiva do requisito de titulación que se establece no anexo I desta resolución, ademais de cumprir os outros requisitos de carácter xeral e específicos. A idade mínima establecida deberase cumprir dentro do ano natural da realización das probas.
- c) As persoas que estando matriculadas no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria estean pendentes do procedemento de revisión no centro, ou de resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, respecto de reclamación das cualificacións do curso 2023/24, deberán presentar igualmente a solicitude de inscrición no prazo establecido na instrución quinta desta resolución, e poderán realizar a proba de acceso de carácter específico de grao medio. Unha vez resolta favorablemente a reclamación e obtido o título de graduado de educación secundaria obrigatoria, estas persoas serán avaliadas da proba de carácter específico realizada.
- d) A superación da dita proba substitutiva do requisito de titulación de grao medio dará tamén acceso ás actividades de formación deportiva de nivel I a que se refire a Orde ECD/158/2014, cos requisitos regulados nela.

- e) A proba substitutiva do requisito de titulación de grao medio poderase substituír pola superación dalgunha das seguintes probas:
- 1º. Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional.
 - 2º. Parte común da proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
 - 3º. Proba substitutiva do requisito de titulación de acceso aos ciclos formativos de grao medio de artes plásticas e deseño.
 - 4º. Proba substitutiva do requisito de titulación de acceso aos ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño.
 - 5º. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
 - 6º. Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para o ensinanza artística superiores.

LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

1. A inscrición para a realización das devanditas probas deberá formalizarse na secretaría do CIFP Universidade Laboral (Rúa Salvador Allende, 15670, Culleredo (A Coruña)) ata o día 3 de setembro de 2025, presentando a documentación establecida na Resolución do 16 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2025/26.
2. As persoas aspirantes deberán aboar os prezos públicos de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, para este tipo de probas.
3. A listaxe provisional de admitidos/as das persoas aspirantes publicárase o 4 de setembro de 2025 no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.
4. As reclamacións a listaxe provisional realizarase os días 5 e 8 de setembro de 2025 a través da secretaría do citado CIFP.
5. A listaxe provisional de aspirantes que superen as probas publicárase o día 12 de setembro de 2025 no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.
6. As reclamacións aos resultados das probas realizarase os días 15 e 16 de setembro de 2025 a través da secretaría do citado CIFP.
7. A listaxe definitiva da cualificación dos/as aspirantes publicárase o 17 de setembro de 2025 no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.

8. O tribunal da avaliación terá a categoría cuarta, e as persoas que o integran percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou norma que o substitúa.
9. As probas serán administradas, avaliadas e cualificadas por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:
 - Presidente: Mateo Torres Neira (inspector de Educación)
 - Secretario: Leticia Ogando López
 - Vogal titular: José Vicente Veiga Doldán
 - Vogal suplente: Santiago Ferrer Moreira
10. A solicitude de inscrición achegarase a documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:
 - a) Copia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
 - b) Orixinal da solicitude de inscrición conforme o modelo facilitado polo centro docente.
 - c) Certificado Titulación académica
 - d) Xustificante do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño, salvo en caso de estar exento/a do pagamento. En caso de bonificación ou exención no pagamento do prezo público, documento que o acredite. (anexo I)
 - e) Certificación académica en que conste o expediente académico.

2º. Título de técnico superior. 3º. Título universitario

As persoas aspirantes deberán aboar os prezos públicos de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, para este tipo de probas.

EXENCIÓN DA REALIZACIÓN DAS PROBA ESPECÍFICA

1. As persoas solicitantes que aleguen mérito deportivo, substitutivo da realización da proba específica, farano constar na epígrafe correspondente na solicitude de inscrición e presentarán, xunto con esa solicitude, os documentos acreditativos establecidos nela da correspondente modalidade ou especialidade deportiva, tendo en conta os requisitos e período de validez da devandita condición establecidos na normativa en vigor. A valoración dos méritos e resolución sobre a substitución da proba específica ou exención correspóndelle ao tribunal avaliador. As condicións para solicitar a exención nas distintas modalidades deportivas pódense consultar na seguinte ligazón do portal educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/36604>

2. Ademais, poderán ser obxecto de exención da realización da proba específica de acceso, en cada unha das modalidades de ensinanza deportiva implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia, aquelas persoas que acrediten, con carácter xeral, a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, para a modalidade deportiva correspondente; quen acredite a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade correspondente, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa, así como quen acredite algunha das condicións definidas no real decreto que establece o correspondente título, tendo en conta os requisitos e o período de validez da devandita condición establecidos na normativa en vigor. Pódense consultar as ditas condicións na ligazón do punto anterior.

3. O procedemento de solicitude de exención require a inscrición correspondente nas probas de carácter específico obxecto desta convocatoria, así como o pagamento dos prezos públicos correspondentes de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

Xunto coa solicitude de exención da realización da proba de carácter específico deberase achegar a documentación acreditativa que corresponda, e será o tribunal avaliador nomeado para cualificar a dita proba quen valore esa documentación e determine a exención da proba á persoa solicitante.

Anexo I.: [Inscripcións probas acceso extraordinario as Ensinanzas Deportivas](#)

Anexo II.: [Modelo liquidación prezos públicos](#)

Anexo III.: [Modelo IA prezos públicos](#)

Anexo IV.: [Enlace web abono taxas](#)

Anexo V.: [Solicitude de exención de realización da proba específica de acceso ás ensinanzas deportivas](#)

Solicítase aos interesados que cumprimenten o seguinte formulario:

<https://forms.gle/VptWBgv6CSd9K4VC9>

Calquera dúbida poden contactar a través de ensino@atletismo.gal

Santiago López Canicoba

Director CAD Atletismo Galego

Oleiros a 1 de agosto de 2025